

REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 20.02.2026

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 20 de febreiro de 2026, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

1. 35383 (12/PNC-003080)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a demanda ao Goberno galego do impulso dun plan integral consensuado para desenvolver no noso país un turismo sustentable
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f1, do 08.10.2025
2. 39598 (12/PNC-003480)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego de plans formativos para o sector comercial con fin de impulsar a recuperación dos oficios tradicionais e potenciar a remuda xeracional no sector artesan
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 295f1, do 03.12.2025
3. 45623 (12/PNC-003653)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co apoio ao ciclo xacobeo comprendido entre os anos santos de 2027 e 2032
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 320f1, do 23.01.2026
4. 46098 (12/PNC-003675)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 máis
Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia co obxecto de apoiar a viabilidade das fábricas do Grupo Losán en Vilasantar e Curtis
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323f2, do 29.01.2026
5. 48884 (12/PNC-003805)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 5 máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha para a restauración ambiental e a prevención de riscos ante o colapso dunha balsa da antiga explotación mineira de Monte Neme, en Carballo
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 328f3, do 05.02.2026

Asinado o día 11/02/2026 ás
12:31
Por Cristina Sanz Arias



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2026

Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 11/02/2026 12:31:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 11/02/2026 13:32:42
Nº Rexistro: 12623
Data envío: 11/02/2026 13:32:42.897

CSV: REXPG-6gNJQGVsm-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 13:32:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 11/02/2026 13:32:42
Nº Rexistro: 12623
Data envío: 11/02/2026 13:32:42.897

CSV: REXPG-6gNJQGVsm-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Sanz Arias	P
Vicepresidente	
Miguel Fidalgo Iglesias	P
Secretario	
Ramón Tomás Fernández Alfonzo	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Saleta Chao Rivas	BNG
José Manuel Golpe Acuña	BNG
Carmela González Iglesias	BNG
Patricia Iglesias Rey	S
Rubén Lorenzo Gómez	P
Lara Méndez López	S
Armando Ojea Bouzo	M
María Felisa Rodríguez Carrera	P
Ángel Rodríguez Conde	P
Moisés Rodríguez Pérez	P
Brais Ruanova Vilas-Boas	BNG
Borja Vereas Fraiz	P
Miguel Ángel Viso Diéguez	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 35383(12/PNC-003080)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda ao Goberno galego do impulso dun plan integral consensuado para desenvolver no noso país un turismo sustentable

Publicación da iniciativa, 265f1, 08.10.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:51:44
Nº Rexistro: 35383
Data envío: 01/10/2025 16:51:44.835

Asinado o día 01/10/25
16:42
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o Grupo Parlamentario Socialista apostamos por realizar un plan turístico integral sostible para o noso país, un plan sólido ben estruturado que poida traer múltiples beneficios a Galicia tanto en termos económicos como na mellora da calidade de vida da nosa veciñanza, así como o disfrute das persoas que nos visita.

Asinado o día 01/10/2025 ás
16:42
Por Patricia Iglesias Rey

Así o solicitamos no Pleno celebrado en setembro do ano 2024 acadando unanimidade na aprobación da iniciativa. Pero para sorpresa nosa no debate desta iniciativa na Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo celebrada o pasado 21 de marzo, para darlle un impulso a mesma, o partido popular cambio de postura e o que tiña sido un voto a favor no Pleno converteuse nun non na comisión.

Os incendios producidos en Ourense e outras zonas de Galicia afectaron negativamente ao sector en algunhas areas, con cancelacións en establecementos turísticos e unha perda do seu atractivo natural un dos motivos polo que o turista escolle Galicia como lugar de destino. Cando un entorno natural arde afecta tamén as zonas rurais e o turismo resíntase considerablemente, xa que perde o seu atractivo natural.

Asinado o día 01/10/2025 ás
16:42
Por Lara Méndez López

CSV: REVPG-Ly1ehUAG-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:51:44
Nº Rexistro: 35383
Data envío: 01/10/2025 16:51:44.835

O medo e a incerteza sobre a extinción de incendios ten provocado unha alta cancelación de reservas chegando en algún caso ata o 90 % das mesmas. Peregrinos que, o ben xa non viñan ou marchaban sen rematar o camiño. Unha economía rural baseada en moitos casos no turismo que se veu frustrada pola situación.

E preciso recuperar ese consenso e traballar na realización dun plan turístico integral sostible e, por iso, dende o Grupo Parlamentario Socialista, ante a importancia do sector turístico pero tamén da responsabilidade social e ambiental, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Recuperar o consenso para realizar un plan turístico integral sostible para o noso país, un plan sólido ben estruturado que poida traer múltiples beneficios a Galicia tanto en termos económicos como na mellora da calidade de vida da nosa veciñanza, así como o desfrute das persoas que nos visita.
2. Que o plan que se elabore se deseñe tendo en conta un turismo desterritorializado e desectacionalizado.
3. Poñer en marcha medidas que contrarresten a falta de relevo xeracional e persoal cualificado para traballar no sector.

Santiago de Compostela, a 1 de outubro do 2025



CSV REXPG-LDyHUA5-5
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 01/10/2025 16:42:44

Patricia Iglesias Rey na data 01/10/2025 16:42:52

José Ramón Gómez Besteiro na data 01/10/2025 16:42:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:51:44
Nº Rexistro: 35383
Data envío: 01/10/2025 16:51:44.835



CSV REXPG-LDyHUA5-5

Verificar

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/10/2025 16:51:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:51:44
Nº Rexistro: 35383
Data envío: 01/10/2025 16:51:44.835

CSV REXPG-LDyHUA5-5
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 39598(12/PNC-003480)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego de plans formativos para o sector comercial con fin de impulsar a recuperación dos oficios tradicionais e potenciar a remuda xeracional no sector artesán

Publicación da iniciativa, 295f1, 03.12.2025

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Felisa Rodríguez Carrera, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, María Encarnación Amigo Díaz, Rubén Lorenzo Gómez, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Verea Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Exposición de Motivos

O sector artesan de Galicia é un dos piares fundamentais da identidade cultural e económica da nosa comunidade. A través da súa ampla diversidade de oficios —desde a cerámica, a xoiería ou o encaixe ata a madeira, o coiro ou o téxtil—, a artesanía galega constitúe un patrimonio vivo que combina tradición, creatividade e innovación. Estes oficios transmiten saberes centenarios, conservando técnicas e estilos propios que forman parte da memoria colectiva do país, ao tempo que se adaptan aos novos tempos mediante o deseño contemporáneo, a sustentabilidade e a incorporación de novas tecnoloxías.

A remuda xeracional constitúe hoxe un dos principais desafíos da artesanía galega. Moitos mestres e mestras artesás atópanse nunha etapa de retirada, e resulta esencial garantir a transmisión dos seus coñecementos a persoas máis novas interesadas en profesionalizarse neste ámbito. Evitar o peche de negocios por falta de remuda xeracional, ao tempo que se facilita que as persoas interesadas en emprender teñan a posibilidade de recoller a testemuña dun negocio viable economicamente, é un dos obxectivos da Xunta de Galicia.

O programa de remuda ofrece axudas económicas a través do Bono Remuda para facilitar a transmisión de negocios tradicionais a novas xeracións de autónomos e empresas na Comunidade Autónoma. Estas subvencións axudan a cubrir parte do custo de adquisición dun negocio xa existente, co obxectivo de manter a súa actividade e fomentar o emprendemento.

O sector comercial galego conta cun papel protagonista no colectivo autónomo, polo que o Goberno galego aposta por un modelo de comercio máis competitivo, moderno e conectado coa sociedade, que garanta a súa continuidade e o seu papel esencial nas vilas e cidades galegas.

Asinado o día 27/11/2025 ás
17:56
Por Alberto Pazos Couñago





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 17:57:41
Nº Rexistro: 39598
Data envío: 27/11/2025 17:57:41.878

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego ao desenvolvemento de plans formativos para o noso sector comercial coa finalidade de impulsar a recuperación de oficios tradicionais e potenciar a remuda xeracional no sector artesán.”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/11/2025 17:56:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 17:57:41
Nº Rexistro: 39598
Data envío: 27/11/2025 17:57:41.878

CSV: REXPG-AQFbRdFW-7
Verificar:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 17:57:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 17:57:41
Nº Rexistro: 39598
Data envío: 27/11/2025 17:57:41.878

CSV REXPG-AQFnbRdW-7
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 45623(12/PNC-003653)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao
Goberno central en relación co apoio ao ciclo xacobeo
comprendido entre os anos santos de 2027 e 2032

Publicación da iniciativa, 320f1, 23.01.2026

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, María Encarnación Amigo Díaz, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Vereá Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Exposición de Motivos

O Camiño de Santiago constitúe un símbolo universal de espiritualidade, encontro entre culturas e dinamismo territorial. Ao longo dos últimos anos, Galicia consolidouse como referente internacional da peregrinación e do turismo cultural grazas á súa aposta constante pola posta en valor do Camiño e pola celebración dos anos santos xacobeos como acontecementos de especial proxección.

Tras o éxito do dobre Xacobeo 2021-2022, prorrogado pola pandemia, resulta esencial preparar con tempo e visión estratéxica o novo ciclo que se abrirá co Xacobeo 2027. Este "lustró Xacobeo" —que abranguerá do 2027 ao 2032, incluíndo dous anos santos no 2027 e no 2032— representa unha oportunidade histórica para fortalecer o papel do Camiño como eixe vertebrador da Marca Galicia e da Marca España.

Unha planificación a medio prazo permitiría diversificar a oferta, distribuír a demanda ao longo de varios anos, consolidar infraestruturas, promover eventos culturais de ámbito internacional e reforzar o posicionamento de Galicia nos mercados exteriores. Esta visión sostida no tempo é tamén clave para garantir que os beneficios do fenómeno xacobeo cheguen a todo o territorio, fomentando a cohesión social e o desenvolvemento económico local.

A Xunta de Galicia leva tempo traballando na promoción e conservación do Camiño, con investimentos significativos en sinalización, dixitalización, albergues e dinamización cultural. Mais para que este novo ciclo alcance a dimensión que merece, é imprescindible un maior compromiso do Goberno de España, tanto desde o punto de vista económico como organizativo e institucional.

Neste sentido, o Parlamento de Galicia debe instar á Xunta a demandar do Executivo estatal un apoio firme, estable e continuado ao longo de todo o lustro Xacobeo 2027–2032, asegurando así o éxito dun proxecto que transcende fronteiras e que debe ser asumido como unha prioridade de país.

Asinado o día 15/01/2026 ás
11:27
Por Alberto Pazos Couñago





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 11:28:57
Nº Rexistro: 45623
Data envío: 15/01/2026 11:28:57.757

Un dos primeiros pasos para este apoio foi a solicitude feita pola Xunta de Galicia co apoio unánime do Parlamento galego, da declaración do Xacobeo 2027 como AEIP (acontecemento de especial interese público), que despois de varios intentos e solicitude e da presión política do goberno e parlamento galegos, levouse a cabo o pasado ano 2025, para que as empresas interesadas no apoio a este evento podan desfrutar das exencións fiscais que regula o art.27 da Lei 49/2002.

Pero a mesma lei dispón que para que esta posibilidade sexa del todo efectiva, ten que constituírse un órgano xestor e certificador que aprobe os plans e programas de actividades poden ser susceptibles dos beneficios fiscais, e a emisión das certificacións ás empresas das actividades patrocinadas.

A día de hoxe, este órgano está sen constituír, polo que está a retrasar o interese e participación de moitas empresas que xa o fixeron en xacobeos anteriores.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España un firme apoio económico ante o próximo “lustrro Xacobeo 27-32” co fin de ter unha maior presenza nacional e internacional que sirva como reforzo turístico da Marca España e Marca Galicia.

Do mesmo xeito, solicitar do goberno central o impulso e axilización da constitución do órgano administrativo, xestor e certificador que, segundo a Lei 49/2002 debe estar operativo para certificar que os gastos e inversións das empresas se axusten aos obxectivos e plans dos programas.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/01/2026 11:27:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 11:28:57
Nº Rexistro: 45623
Data envío: 15/01/2026 11:28:57.757

CSV REXPO-TXPEVxtw-6
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 11:28:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 11:28:57
Nº Rexistro: 45623
Data envío: 15/01/2026 11:28:57.757



CSV REXPO-TXPEVxtw-6
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 46098(12/PNC-003675)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia
co obxecto de apoiar a viabilidade das fábricas do Grupo
Losán en Vilasantar e Curtis

Publicación da iniciativa, 323f2, 29.01.2026



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:51:59
Nº Rexistro: 46098
Data envío: 16/01/2026 12:51:59,230

Asinado o día 16/01/2026 ás 12:48
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputadas e deputado **Iria Carreira Pazos, Ramón Fernández Alfonso e Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galiza respecto da grave crise que a travesa o Grupo Losán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 15 de xaneiro o persoal do Grupo Losán das fábricas de Vilasantar e Curtis realizaron unha gran manifestación apoiada por numerosos alcaldes, veciños e veciñas da comarca.

Os perto de 200 traballadores e traballadoras alertaban do deterioro irreversible no que se atopa a empresa, pola irresponsabilidade da dirección e a pasividade institucional diante desta nova crise industrial, que unha outra vez deixa en evidencia que a Xunta do Partido Popular abandona a industria do país malia ter as competencias exclusivas tanto en Industria como en Emprego.

No momento de redactar esta iniciativa o persoal destas fábricas tiña pendentes de cobrar as nóminas de novembro, decembro, extra de decembro e actualización salarial do ano 2025.

O persoal subliña que a situación é límite e que está en risco non só o emprego, senón tamén o coñecemento industrial, a experiencia técnica e o capital humano construído durante décadas nun grupo que foi referencia do sector da madeira. Cada saída forzada debilita o proxecto industrial e achega un escenario de desmantelamento silencioso das fábricas.

Asinado o día 16/01/2026 ás 12:47
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 16/01/2026 ás 12:47
Por Iria Carreira Pazos

CSV: REVPG-5piISFP-Uq-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:51:59
Nº Rexistro: 46098
Data envío: 16/01/2026 12:51:59.230

Cada semana de atraso non só agrava a situación social das familias afectadas, senón que erosiona de maneira silenciosa pero irreversible a confianza na viabilidade futura do proxecto industrial.


Atopámonos diante doutro caso no que a Xunta de Galiza négase a participar activa e decididamente no deseño e posta en marcha dun plan de viabilidade para unha gran industria galega.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a

1. Reunirse cos comités de empresa das fábricas ASERPAL e LOSAN
2. Traballar no deseño dun plan de viabilidade para o grupo Losan coa incorporación da propia Xunta de Galiza ao capital da empresa
3. Demandar ao goberno do estado a súa participación no plan de viabilidade.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 16/01/2026 12:47:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/01/2026 12:47:53

Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/01/2026 12:48:01

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2026 12:48:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:51:59
Nº Rexistro: 46098
Data envío: 16/01/2026 12:51:59.230

CSV REXPG-5p3SPUJq-2
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2026 12:52:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2026 12:51:59
Nº Rexistro: 46098
Data envío: 16/01/2026 12:51:59.230

CSV REXPC-5p3SPUJq-2
Visítalo en:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 20.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 48884(12/PNC-003805)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 5 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha para a restauración ambiental e a prevención de riscos ante o colapso dunha balsa da antiga explotación mineira de Monte Neme, en Carballo

Publicación iniciativa carácter urxencia, 328f3, 05.02.2026

Por Carmela González Iglesias

Por Luis Bará Torres

CSV: REVPG-5wdEchi-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:20:54
Nº Rexistro: 48884
Data envío: 02/02/2026 13:20:54.362

Asinado o día 02/02/2026 ás 13:17
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas, Ramón Fernández Alfonso, Oscar Insua Lema, Luis Bará Torres** e das deputadas **Carmela González Iglesias e Saleta Chao Rivas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, relativa ao proxecto de explotación mineira nomeado “Monte Neme”.

Asinado o día 02/02/2026 ás 13:17
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada situación xerada pola ruptura dunha balsa na canteira de seixo do Monte Neme o 31 de xaneiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 10 de febreiro de 2014 a rotura dunha balsa de lama dunha canteira de seixo no Monte Neme provocou unha avalancha de material que afectou ás localidades de Aviño en Malpica e Razo da Costa en Carballo.

A canteira, pertencente á empresa Leitosa, levaba tres anos abandonada e carecía das elementais medidas de seguridade. Non existía ningunha sinalización do perigo, e a balsa de lama presentaba desde hai tempo unha brecha e ameazaba con desbordar.

Esta situación foi xa denunciada polo Concello de Carballo en abril de 2013 e tamén por diversos colectivos e particulares. Ao abeiro destas denuncias a Dirección

Asinado o día 02/02/2026 ás 13:17
Por José Manuel Golpe Acuña



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:20:54
Nº Rexistro: 48884
Data envío: 02/02/2026 13:20:54.362

Xeral de Minas anunciou a elaboración dun Plan de Seguridade para dita explotación mineira.

Ademais, o Grupo Parlamentar do BNG ten denunciado en diversas ocasións o perigo ambiental que representan as minas e canteiras abandonadas e o feito de que non se tivesen desenvolvido as medidas contempladas na Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minaría de Galiza, no que atinxe ao cumprimento das obrigas ambientais por parte das empresas e o exercicio por parte da Xunta de Galiza das súas facultades inspectoras e sancionadoras.

Novamente, o pasado sábado 31 de xaneiro repetíase un episodio semellante de rotura dunha das balsas afectando a montes e regatos do lugar de Aviñó, no concello de Malpica incluso provocando o corte da estrada que vai dende este lugar ata Razo, no veciño concello de Carballo.

O artigo 46 da lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia di:

1. Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través da consellaría competente en materia de minas, realizar as comprobacións necesarias e pedir a documentación e a información necesaria para o seguimento e a vixilancia das declaracións ambientais, así como comprobar o cumprimento da normativa mineira aplicable ás actividades incluídas no ámbito de aplicación desta lei, de oficio ou por instancia de parte interesada, así como das condicións de seguridade de calquera outra actividade que utilice técnicas mineiras, sen prexuízo do establecido na normativa vixente en materia de riscos laborais.

Vemos así como a Xunta permitiu que acontecera o grave desastre ocorrido en Monte Neme en febreiro de 2014. Despois de varios meses de avisos, escritos e peticións ante a Consellaría de Industria finalmente unha das balsas que contiña as augas contaminadas pertencentes a esta antiga explotación mineira rompeu e verteu os seus residuos cara núcleos de poboación.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:20:54
Nº Rexistro: 48884
Data envío: 02/02/2026 13:20:54.362

Dous meses e medio despois daquel desastre confirmábase que Augas de Galicia detectou “alarmantes niveis de aluminio” en zonas receptoras das augas vertidas indicando tamén a presenza de augas ácidas tóxicas derivadas da actividade mineira.

O desleixo e inacción da Xunta deu coma resultado que o desastre se repetise este mesmo ano, coincidindo coa execución do plan de restauración ambiental. Execución que se demorou trece anos.

Nunha primeira análise do desastre recente parece evidenciarse un alto grao de improvisación; así o indica o descoñecemento, ou o menoscabo a respecto dunha galería existente dos tempos nos que funcionou a explotación mineira e que todo indica que foi o seu colapso o que deu lugar a este novo episodio de contaminación masiva.

No lugar da antiga mina de Monte Neme, quedan aínda dúas balsas cheas de auga, dun cor azul turquesa, que en tempos foi reclamo de instagramers e que se demostrou a súa toxicidade.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Revisar e actualizar o plan de restauración ambiental da explotación mineira de Monte Neme de xeito inmediato que prime a seguridade das poboacións próximas a esta mina. Incluso creando un plan de emerxencias que garanta a seguridade de persoas e bens namentres se executa o plan de restauración ambiental e os perigos se neutralizan.

2. Dotar de fondos suficientes o plan de restauración ambiental para que o lugar recupere unha estabilidade ecolóxica e non sexa unha fonte de problemas ambientais.



CSV REXPO-L5wEctH-8
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:20:54
Nº Rexistro: 48884
Data envío: 02/02/2026 13:20:54.362

3. Analizar e dar conta dos resultados das análises das augas das balsas de Monte Neme.

4. Executar de xeito urgente unha análise de todas a instalacións existentes no país que poidan presentar un perigo para a poboación e o medio ambiente”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXPO-L5wEctH-8
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 02/02/2026 13:17:19

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/02/2026 13:17:25

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/02/2026 13:17:31

Óscar Insua Lema na data 02/02/2026 13:17:38

Luis Bará Torres na data 02/02/2026 13:17:45

Carmela González Iglesias na data 02/02/2026 13:17:57

Saleta Chao Rivas na data 02/02/2026 13:18:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:20:54
Nº Rexistro: 48884
Data envío: 02/02/2026 13:20:54.362

CSV REXPG-L5wEctH-8
Visto en:
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 13:20:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:20:54
Nº Rexistro: 48884
Data envío: 02/02/2026 13:20:54.362

CSV REXPG-L5wEctH-8
Verificar
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

